

Xoves, 30 de xaneiro de 2025

Núm. 20

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións***LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE REALIZACIÓN DO 1.º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA VACANTE DE OPERARIO/A DE LIMPEZA VIARIA (PERSOAL LABORAL FIXO)*

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0269, con data de 23/01/2025, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o órgano de selección e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo do Concello de Redondela denominada OPERARIO/A DE LIMPEZA e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2021, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016 e no núm.: 25, do 08/02/2021.

As bases específicas para cubrir unha praza de persoal laboral fixo denominada OPERARIO/A DE LIMPEZA VIARIA, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6ª do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), categoría operario/a e incluída na Oferta Pública de Emprego Público do ano 2021, polo sistema de oposición libre, publicáronse no BOPPO núm.: 71, do 13/04/2023.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 31/05/2023 e rematou o día 28/06/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-1883, con data de 09/08/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza de OPERARIO/A DE LIMPEZA VIARIA (Persoal Laboral Fixo), polo sistema de oposición libre, que se publicou no BOPPO núm.: 160, do 21/08/2023.

O día 04/09/2023 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluínte.

Tras presentarse alegacións contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir



Xoves, 30 de xaneiro de 2025

Núm. 20

prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo incluídas na oferta de emprego público para o ano 2021, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir neste proceso selectivo a Laura Duro de la Fuente, con DNI núm.: *****437-F e elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza de OPERARIO/A DE LIMPEZA VIARIA (Persoal Laboral Fixo), polo sistema de oposición libre.

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza OPERARIO/A DE LIMPEZA VIARIA (Persoal Laboral Fixo), polo sistema de oposición libre, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTA:

- Titular: Natividad Crespo Pérez, operaria de Medio Ambiente do Concello de Redondela.
- Suplente: Ángel Abalde Boullosa, operario de Limpeza do Concello de Redondela.

SECRETARIA:

- Titular: M.^a Carmen Pérez Vaquero, administrativa do Concello de Redondela.
- Suplente: M.^a Lourdes Fernández Arines, auxiliar da Administración Xeral do Concello de Redondela.

VOGAIS:

- Titular: Sonia M.^a Cacabelos Cobas, oficiala de Servizos Xerais e Subalternos do Museo de Pontevedra.
- Suplente: Rocío de Sinde Penas, técnica de xestión do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.
- Titular: M.^a del Carmen Martínez Abrales, xefa da Sección de Residuos da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: José Luis Galiñanes Rodiño, coordinador de brigadas do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Dionisio Calvarro Sánchez, técnico auxiliar de mantemento do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Leticia Carbajal Castiñeira, operaria de Servizos Varios do Centro Príncipe Felipe.

TERCEIRO: A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 27/02/2025

HORA: 9:30

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 66M86D0D8BGDS3JT



Xoves, 30 de xaneiro de 2025

Núm. 20

CUARTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do 1º exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 27/02/2025

HORA: 12:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

QUINTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO: Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:66M86D0D8BGDSSJT

